



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ASOCIACIÓN PURA RAZA CABALO GALEGO (APRCG) PARA CONTINUAR COA POSTA EN VALOR DAS APTITUDES DO CABALO DE PURA RAZA GALEGO P.R.G. EN ACTIVIDADES DEPORTIVAS, DE EXPOSICIÓN E OCIO, COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER), NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014_2020.

En Santiago de Compostela, 27 de maio de 2016

REUNIDOS

A conselleira do Medio Rural, actuando en nome e representación da Consellería do Medio Rural, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente.

O presidente de APRCG, actuando en nome e representación da Asociación Pura Raza Cabalo Galego, na súa condición de Presidente.

Cada un intervén en función do seu cargo, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas, recoñecéndose mutua e respectiva competencia e capacidade suficiente para formalizar este Convenio de colaboración.

EXPOÑEN

Primeiro. Segundo o establecido no artigo 30.1.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado, en materia de agricultura e gandería.

Segundo. Entre outras funcións, a Consellería do Medio Rural é competente no desenvolvemento das accións necesarias para a ordenación, fomento e control da produción gandeira, así como na elaboración e execución dos programas de conservación e fomento dos recursos zootécnicos autóctonos de Galicia, e en



consecuencia, nos programas de mellora xenética do gando, como se recolle no artigo 16.2. do Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural.

Terceiro. A Asociación Pura Raza Cabalo Galego é unha asociación profesional, sen ánimo de lucro, constituída no ano 1997, con ámbito de actuación en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que dende hai anos mantén unha colaboración directa coa consellería en actividades vinculadas coa recuperación, fomento e difusión da raza PRG.

Entre os obxectivos primordiais da asociación están:

- Mellorar a produción do gando equino, incrementando a rendibilidade deste tipo de explotacións gandeiras.
- Velar pola axeitada execución do Programa de Conservación, Preservación, Recuperación, Selección e Fomento do Cabalo de Pura Raza Galega.
- Propor liñas e proxectos de investigación que respondan ás necesidades dos gandeiros.
- Recuperar, potenciar e defender as rutas a cabalo e actividades equinas dos camiños de Santiago.
- A formación e profesionalización dos gandeiros e criadores da raza.

Cuarto. As accións en materia de conservación de recursos zooxenéticos planifícanse consonte as disposicións do Regulamento (CE) nº 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), artigo 28. Agroambiente e Clima, e xestiónanse de conformidade co Regulamento (UE) 809/2014, da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do regulamento (UE) 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade. Están recollidas na submedida 10.2: conservación de recursos xenéticos na agricultura, do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia para o período 2014-2020, aprobado por Decisión de Execución da Comisión C (2015) 8144 do 18 de novembro de 2015.

Os beneficiarios últimos das actuacións financiadas con este convenio son os gandeiros da raza Pura Raza Cabalo Galego.

Quinto. A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, prevé a concesión directa de subvencións cando se acrediten razóns de interese público, social ou económico. No mesmo senso exprésase o artigo 36.c, do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei. Por outra parte, o artigo 40.1 do



mesmo decreto posibilita a concesión de subvencións directas mediante convenio, nos casos en que se acrediten razóns de interese público, social ou económico.

Sexto. O cabalo PRG, é a única raza equina autóctona de Galicia. Trátase dunha raza en perigo de extinción e así se recolle no Anexo I do Real Decreto 2129/2008, de 26 de decembro, polo que se establece o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras. Ata fai uns anos, os esforzos para a conservación desta raza centráronse fundamentalmente na orientación produtiva de carácter cárnico, debido a que a maior parte dos exemplares inscritos no Libro xenealóxico da raza pertencen a explotacións en réxime extensivo, con escasos custos de produción que se traducen en beneficios netos.

Sen deixar de lado esta orientación e co obxecto de afianzar a raza, xa se veñen realizando actuacións por parte da Asociación Pura Raza Cabalo Galego para a posta en valor das aptitudes do cabalo de pura raza galega en actividades deportivas, de exposición e ocio, co obxecto de dar a coñecer ao público as características e calidades identificativas da raza, mostrando o temperamento afectivo dos seus exemplares, abrindo novas vías de comercialización e estimulando o interese pola raza entre o público en xeral, coa consecuente incidencia a nivel económico e social.

Este tipo de actuacións están recollidas especificamente no novo Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia, que pretende fomentar o emprego dos recursos xenéticos autóctonos, e coa sinatura deste novo convenio preténdese dar un paso máis nesta liña de traballo, seguindo os obxectivos previstos no PDR 2014-2020 na conservación dos recursos xenéticos gandeiros que persegue a posta en valor de todas as orientacións produtivas da raza.

O desenvolvemento deste programa, só é posible coa participación de APRCG xa que é a única asociación en Galicia que conta coa infraestrutura, medios loxísticos e de persoal necesarios e suficientes para realizar as actuacións obxecto deste convenio, ademais dunha amplísima experiencia neste tipo de actuacións. Nestas condicións o procedemento ordinario de concorrência competitiva na concesión de subvencións resulta improcedente, por canto a entidade destinataria resulta imprescindible para a xestión do programa.

Polo tanto, asumindo que a promoción de programas de conservación e fomento dos recursos zootécnicos autóctonos de Galicia reúne as condicións aludidas na lei e o regulamento de subvencións, enténdese a procedencia da sinatura dun novo Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e APRCG para establecer as condicións da colaboración entre ambas para continuar coa execución das actuacións destinadas á posta en valor das aptitudes do Cabalo P.R.G en actividades deportivas, de exposición e ocio, dentro do PDR de Galicia 2014-2020.

Sétimo. En virtude do anterior, e acreditado que APRCG cumpre cos requisitos establecidos para obter a condición de beneficiaria, segundo o artigo 10 da Lei 9/2007,



do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ámbalas dúas partes acordan asinar o presente convenio de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto deste convenio é establecer as condicións da colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Asociación Pura Raza Cabalo Galego para continuar coa execución das actuacións destinadas á posta en valor das aptitudes do Cabalo P.R.G en actividades deportivas, de exposición e ocio, dentro do PDR de Galicia 2014-2020.

A finalidade do convenio axustase aos fins e obxectivos da Asociación, obxectivos compartidos coa Consellería do Medio Rural tal como se recolle nos expoñendos terceiro e segundo respectivamente.

SEGUNDA. Obrigas da asociación

Toda a información relativa ao convenio, o calendario anual de actividades, así como unha reseña das distintas actuacións e eventos desenvolto, estará dispoñible nunha web na que se respectará a publicidade FEADER.

Relativas á promoción da raza:

Todas as actividades de promoción seguirán un plan anual que será presentado no transcurso do primeiro mes dende a sinatura do convenio para o ano 2016 e no mes de xaneiro no resto dos anos. Este plan anual será aprobado pola persoa responsable da Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.

Nos casos en que non sexa posible a previsión das actuacións dentro da programación anual comunicaranse as actuacións a desenvolver cunha antelación mínima de 10 días. Estas comunicacións irán dirixidas á Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias e incluírán todos os datos relativos á data, horarios, persoa de contacto e lugar de celebración da actuación, así como un breve resume do contido da mesma.

1. Adestramento/preparación de exemplares para tarefas de promoción:

- a) Manter un programa de doma que contará con polo menos 7 cabalos ou eguas inscritos no libro xenealóxico da raza. As novas incorporacións de exemplares ao programa con posterioridade á data de sinatura do convenio deberán contar



coa clasificación no libro xenealóxico da raza de Moi bo (superior) ou excelente.

- b) Para as tarefas de adestramento a entidade porá a disposición do convenio un adestrador/xinete.

2. Presentación dun espectáculo de doma con polo menos 2 exemplares pertencentes ao programa de doma en polo menos 5 eventos ecuestres repartidos pola comunidade autónoma, mínimo un por cada unha das provincias galegas. A asociación xestionará coa organización dos eventos a inclusión da actividade e da publicidade FEADER.

3. Participación de exemplares procedentes do programa de doma en polo menos 5 Festas de Galicia de interese turístico repartidos pola comunidade autónoma, mínimo un por cada unha das provincias galegas, ben sexa mediante a presentación dun espectáculo de doma ou mediante a participación dos cabalos nos desfiles ou dramatizacións representadas, competicións deportivas e concursos nos que participe a raza. A asociación xestionará coa organización dos eventos a inclusión da participación e da publicidade FEADER.

4. Difusión do Centro de Razas Equinas Autóctonas de Galicia (CREAG) e da posibilidade de visitalo entre os gandeiros e colectivos relacionados co sector equino. Atender as solicitudes concertando a data e hora da visita. As visitas ao centro incluírán polo menos:

- A realización dunha presentación en pista dos traballos de doma con polo menos 2 exemplares pertencentes ao programa de doma.
- Presentación das características da raza usos e potencialidades, historia, programa de conservación e actuacións levadas a cabo dentro do programa FEADER.
- Actividades de promoción da raza.
- Visita guiada polas instalacións do centro.

Ademais,

5. Para a realización das tarefas administrativas relativas ás actuacións do convenio, a entidade porá a disposición do mesmo a un administrativo.

6. Garantírase que todos os animais participantes nas actividades recollidas neste convenio cumpren con todos os requisitos da raza e están inscritos no Libro xenealóxico.

TERCEIRA. Gastos financiáveis

A Consellería do Medio Rural non participa nas actividades nin dos resultados do presente convenio e financiará as actuacións do mesmo, realizadas a partir da sinatura do convenio.



Achégase, nos anexos ao texto do convenio, o cadro orzamentario coas actuacións a desenvolver por APRCG coa análise dos custos.

APRCG poderá contratar con terceiros a execución das actuacións do convenio ata un 100%, para elo estará sometida ás obrigas establecidas nos apartados 3 e 4 do artigo 27 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. Ademais, estará sometida ao recollido no Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público e tamén ao recollido no apartado relativo ás accións de mitigación establecidos co obxecto de minorar os riscos detectados nesta medida recollida no Programa de desenvolvemento Rural de Galicia para o período 2014_2020:

1. Deste xeito, en todos os casos se esixirá, calquera que sexa a contía do gasto, a solicitude dun mínimo de tres ofertas a distintos provedores, con carácter previo á prestación do servizo ou á entrega do ben, agás que polas especiais características da actuación non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren. A escolla entre as ofertas, realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.
2. As ofertas detallarán con claridade os conceptos incluídos na proposta, económica e tecnicamente.
3. Ademais, de acordo co artigo 23.2 da Lei 14/2013, de racionalización do sector público, as empresas invitadas nos procedementos de contratación non poderán estar vinculadas entre elas. Esta vinculación apreciarase nos termos establecidos na lexislación de contratos do sector público. Ás empresas invitadas a presentar ofertas esixiráselles sempre unha declaración das empresas coas que teñan vinculación, nos termos establecidos no apartado anterior. No expediente deberá deixarse constancia das invitacións cursadas, das ofertas recibidas e das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento.

Non obstante o anterior, con independencia do gasto a subvencionar, nos gastos restantes haberá que contemplar igualmente un sistema de avaliación dos custos que permita á administración comprobar o valor de mercado dos gastos a subvencionar, mediante a comparación de tres ofertas.

O Imposto sobre o valor engadido, excepto cando non sexa recuperable conforme á lexislación nacional sobre IVE, non se pode financiar polo FEADER, tal e como se recolle no artigo 69.3 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013. No caso de que o IVE poida ser subvencionable, os beneficiarios deberán presentar a xustificación documental de non suxeición ou exención do imposto emitida pola AEAT.



O convenio subscríbese no marco da Submedida 10.2 do Programa de desenvolvemento rural de Galicia, sendo a intensidade da axuda do 80% dos gastos subvencionables, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) cunha porcentaxe de financiamento do 75%, o 7,5% correspondería ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e o 17,50% restante á Xunta de Galicia. O financiamento das actuacións do presente convenio é incompatible con calquera outro que proveña de fondos comunitarios, pero si o podería ser con outros fondos públicos ou privados achegados para o efecto. En todo caso, deberá garantirse a non existencia de dobre financiamento para a mesma actuación.

CUARTA. Xustificación

A data límite de xustificación e presentación de gastos e pagamentos será o 1 de decembro de cada ano.

Con cada xustificación o beneficiario debe achegar:

1. Unha certificación do representante legal ou persoa na que teña delegada a representación da entidade, coa relación en detalle das actividades realizadas.
2. Unha certificación do representante legal ou persoa na que teña delegada a representación da entidade, na que se indique a porcentaxe de tempo que o traballador dedica ao proxecto cando se xustifiquen gastos de persoal propio.
3. Os xustificantes orixinais dos gastos e as xustificacións bancarias que acrediten o seu pago efectivo.
4. Unha memoria económica en formato dixital '.xlsx' (táboa de gastos segundo o esquema do anexo III)
5. Unha memoria técnico - económica das actuacións realizadas, na que se identifique a finalidade elixible e contemplada no convenio de cada un dos gastos imputados. Neste documento acreditarase o cumprimento das obrigas de publicidade recollidas na cláusula undécima. O material consecuente das actuacións será incluído ou reproducido neste documento.
6. Unha declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes, ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como doutros ingresos ou recursos que financien o proxecto.
7. Unha memoria de moderación de custos segundo os criterios establecidos na cláusula terceira. Nesta farase referencia aos orzamentos solicitados identificando as entidades consultadas, a data da oferta e importe da mesma. No caso en que a oferta elixida non sexa a mais vantaxosa economicamente, a memoria incluírá as motivacións de tal elección.



Poderanse efectuar pagamentos a conta, pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, sempre de acordo co disposto no artigo 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, abonados por contía equivalente á xustificación presentada a conta da liquidación final. O importe do pagamento a conta poderá acadar ata o 80 % da contía anual adxudicada.

Non obstante, APRCG queda eximida de constituír garantías para efectuar estes pagamentos a conta, de acordo co disposto no artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A consellería resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coas actividades realizadas no marco do convenio, incluíndo a relativa ao cumprimento dos requisitos de presentación de datos á autoridade de xestión e ao rexistro de realizacións e resultados.

As actuacións descritas no presente convenio, estarán sometidas a un sistema axeitado de avaliación de custos, con independencia do importe do gasto a subvencionar. De acordo co establecido no artigo 48 do Regulamento de execución (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, no que se establecen disposicións relativas aos controis, os controis administrativos incluírán a comprobación por parte da unidade xestora do sistema empregado para a moderación de custos.

Os gastos deberán responder de xeito indubidable á natureza das actividades recollidas no presente convenio, incluídos os gastos de persoal e os medios loxísticos necesarios. De acordo co establecido no Programa de Desenvolvemento Rural, non se financiarán actividades no Programa Marco da Comunidade Europea para accións de investigación, desenvolvemento tecnolóxico e demostración.

Os gastos ou investimentos realizados deberán acreditarse mediante a presentación dos xustificantes orixinais do gasto e as xustificacións bancarias que acrediten o seu pago efectivo. As facturas presentaranse en orixinal, e marcaranse cun selo indicando nel a actuación para cuxa xustificación foron presentadas e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente ao convenio indicando, neste último caso, a porcentaxe que resulte afectada polo mesmo.

Ademais, tendo en conta que entre as actuacións do convenio se recollen actuacións executadas con medios propios achegados por APRCG, concretamente man de obra propia remunerada, coa xustificación documental dos gastos e pago dos traballos executados cos medios propios, deben achegarse as nóminas correspondentes ao tempo dedicado por cada traballador á execución do traballo, certificando especificamente o emprego da porcentaxe de tempo que o traballador dedica ao

proxecto, así como a documentación acreditativa do pago das nóminas, cargas sociais e IRPF.

Si se utilizan medios materiais propios, o beneficiario poderá imputar ao proxecto, a parte proporcional que corresponda dos custos de amortización deses equipos ou materiais durante a vixencia do convenio, custos que deben calcularse de conformidade coas normas de contabilidade, debendo achegar a documentación acreditativa do sistema de cálculo utilizado.

Toda a documentación incluída na xustificación presentárase tamén en formato dixital '.pdf'

QUINTA. Relacións laborais

A subscrición do convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais e os empregados de APRCG que desenvolvan as actividades programadas e a Xunta de Galicia.

SEXTA. Comisión de seguimento

Para avaliar o desenvolvemento do convenio de colaboración poderase constituír unha comisión de seguimento, coa seguinte composición e funcións:

1. Composición:

Por parte da Consellería do Medio Rural:

- O subdirector xeral de Gandaría ou persoa en quen delegue
- O xefe do servizo de Producións Gandeiras e Benestar Animal ou persoa en quen delegue

Por parte de APRCG:

- O representante legal ou persoa en quen delegue
- Outro membro da entidade

2. Funcións:

- a) Levar a cabo o seguimento da execución e cumprimento do convenio.
- b) Propoñer e deseñar medidas e actuacións que redunden no éxito da aplicación do presente convenio.



c) Establecer e definir criterios e pautas de actuación a seguir, así como de levar a coordinación, a supervisión técnica das accións previstas no convenio e os resultados acadados.

3. A comisión de seguimento reunirse, polo menos 1 vez ao ano, con carácter ordinario, co fin de avaliar o desenvolvemento das actuacións levadas a cabo e, con carácter extraordinario, sempre que o solicite algún dos seus membros.

A Consellería do Medio Rural ostenta a prerrogativa da interpretación e resolución de cantas dúbidas e controversias xurdan na aplicación do convenio.

SÉTIMA. Informes

APRCG elaborará anualmente un informe analítico das actividades realizadas no marco do convenio, informe que presentará antes do día 15 de xaneiro do seguinte ano, e aqueles informes que a Consellería considere necesarios para a correcta avaliación do mesmo. No último ano da duración do convenio, o informe incluírá unha análise do cumprimento das obrigas asumidas coa sinatura do presente convenio.

De conformidade ao establecido no artigo 71 do Regulamento (UE) 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, o beneficiarios proporcionará á Autoridade de xestión, toda a información necesaria para poder realizar o seguimento e avaliación do programa.

Así mesmo o beneficiario ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

OITAVA. Plan de controis

A execución das actividades realizadas por APRCG, obxecto do convenio, está suxeita ao plan de controis establecido, de acordo coas disposicións regulamentarias prescritas para os controis de fondos cofinanciados polo FEADER, que inclúen:

1. Un control administrativo de todas as solicitudes de pago e outras declaracións ou das operacións derivadas dos plans específicos que desenvolvan. Estes controis aplicaranse sobre todos os elementos de selección que sexa posible controlar por vía administrativa. Os procedementos empregados permitirán rexistrar os controis, os resultados das comprobacións e as medidas adoptadas en caso de discrepancias.

2. O número total de controis sobre o terreo de solicitudes de pago presentadas durante o ano natural representará polo menos o 5% do gasto financiado polo FEADER que aboa o organismo pagador cada ano natural sobre o total da submedida.



APRCG comprométese a colaborar na execución dos controis nos termos que se precisen. Igualmente, acepta someterse aos controis que legalmente procedan a cargo da Intervención Xeral da Xunta de Galicia, do Consello de Contas, dos órganos comunitarios de inspección e do Servizo de Auditoría Interna do FOGGA.

Ademais, conforme ao disposto no artigo 66.1 c) do Regulamento 1305/2013, a entidade levará un sistema de contabilidade separado ou ben un código contable axeitado para todas as transaccións relativas ás operacións relacionadas coas actuacións do convenio e que son financiadas con fondos FEADER.

Para unha correcta aplicación do recollido nesta cláusula atenderase ao disposto nas Circulares de coordinación ditadas polo Fondo Español de Garantía Agraria relativas á aplicación de reducións, sancións e exclusións, así como ao control das medidas de desenvolvemento rural non establecidas no sistema integrado do período 2014_2020.

NOVENA. Incompatibilidade

A percepción dunha achega en base a este convenio é incompatible con calquera outro que proveña de fondos comunitarios, pero si é compatible con calquera outra que poida obterse doutras administracións ou entes públicos para a mesma finalidade. En todo caso, deberá garantirse a non existencia de dobre financiamento para a mesma actuación.

DÉCIMA. Retirada parcial ou total e obriga de reintegro.

Se o importe da solicitude de pago supera o importe dos custos que se consideren admisibles durante os controis administrativos en máis dun 10%, aplicarase unha sanción administrativa ao importe dos custos admisibles. O importe da sanción será igual a diferenza entre eses dous importes, pero non irá máis alá da retirada total da axuda.

A entidade perceptora dos fondos, comprométese a cumprir as obrigas que como beneficiaria dunha subvención sinala o artigo 11 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

A entidade ten a obriga de reintegrar, total ou parcialmente, a achega percibida xunto cos xuros de demora que correspondan, nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Conforme ao disposto no Artigo 7 do Regulamento (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación do regulamento (UE)



1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade, no caso de pago indebido, o beneficiario quedará obrigado a reintegrar o importe en cuestión, ao que se engadirán de ser o caso, os intereses calculados en función do tempo transcorrido entre a finalización do prazo de pago para o beneficiario indicado na orde de recuperación, que non poderá fixarse en máis de 60 días, e a data de reembolso ou dedución.

O tipo de xuro aplicable calcularase de acordo co dereito nacional, pero non poderá ser inferior ao tipo de xuro aplicable á recuperación de importes en virtude das disposicións nacionais.

DÉCIMO PRIMEIRA. Propiedade intelectual e publicidade

A propiedade intelectual dos traballos e dos datos obtidos no desenvolvemento do presente convenio pertencerá a APRCG.

APRCG poderá publicar datos e resultados parciais ou finais obxecto do presente convenio sen ningunha limitación. En calquera caso, a difusión de información relativa ao presente convenio deberá facer mención expresa a este.

Nos documentos e carteis executados en desenvolvemento do presente Convenio, faranse constar os símbolos de identidade corporativa das entidades que interveñen consonte co disposto no Decreto 409/2009, do 5 de novembro, polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia.

Así mesmo, os beneficiarios deberán atender ao disposto no Anexo III do Regulamento de Execución (UE) 808/2014, da Comisión, do 17 de xullo de 2014, modificado polo Regulamento de execución (UE) 2016/669 da Comisión do 28 de abril de 2016, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Feader, concretamente ao recollido na PARTE 1. Punto 2. Responsabilidades dos beneficiarios, e na PARTE 2: Características técnicas das actividades de información e publicidade.

DÚODECIMA. Resolución

Son causas de resolución do presente convenio: o incumprimento total ou parcial dalgunhas das súas cláusulas, o transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas, e as modificacións das directrices de desenvolvemento sen contar coa previa autorización escrita da Consellería do Medio Rural.

DÉCIMO TERCEIRA. Autorizacións

APRCG autoriza á Consellería do Medio Rural, á obtención de forma directa do certificado do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.

Así mesmo, presta o seu consentimento á Consellería do Medio Rural para incluír os datos relevantes referidos ao convenio, regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, así como para publicalos no rexistro público de convenios da consellería competente en materia de administracións públicas, de acordo co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

De acordo co Artigo 71 do Regulamento (UE) 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, os beneficiarios de axudas no marco das medidas de desenvolvemento rural autorizarán expresamente ao órgano xestor para que este poida consultar toda a información necesaria para poder realizar o seguimento e a avaliación do programa, en particular en relación co cumprimento de determinados obxectivos e prioridades.

DÉCIMO CUARTA. Natureza

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polas súas propias cláusulas. En todo o non sinalado estarase ao previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei, así como o disposto nos Regulamentos (UE) 808/2014, modificado polo Regulamento de execución (UE) 2016/669 da Comisión do 28 de abril de 2016, e 809/2014 da Comisión, polos que se establecen as disposicións de aplicación dos Regulamentos (UE) 1305/2013 e (UE) 1306/2013, do Parlamento Europeo e do Consello.

A xurisdición contencioso - administrativa será a competente para entender os litixios que puideran xurdir.

DÉCIMO QUINTA. Vixencia do convenio e financiamento

O presente convenio, que producirá efectos dende a data de sinatura ata o 31 de decembro do 2019, asínase para o período 2016-2019, coa seguinte dotación máxima para cada unha das anualidades do convenio:

- 60.000 € para o ano 2016



- 60.000 € para o ano 2017

- 60.000 € para o ano 2018

- 60.000 € para o ano 2019

O Imposto sobre o valor engadido, excepto cando non sexa recuperable conforme á lexislación nacional sobre IVE, non se pode financiar polo FEADER, tal e como se recolle no artigo 69.3 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

Calquera variación normativa que leve aparellados cambios respecto ao IVE dará lugar á modificación deste convenio a través da correspondente addenda. Os pagos efectuaranse con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.713C.781.1 do código proxecto 201600191.

DÉCIMO SEXTA. Programa, medida e prioridade.

As accións recollidas no presente convenio se subvencionan en virtude da Medida 10 Agroambiente e Clima, Submedida 10.2. Conservación de recursos xenéticos na agricultura, prioridade 4: “Restaurar, preservar e mellorar os ecosistemas relacionados coa agricultura e a silvicultura” do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia para o período 2014_2020, cofinanciado polo FEADER.

E en proba de conformidade, asinan por triplicado o presente Convenio de Colaboración no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Consellería do Medio Rural

Por APRCG

A conselleira do Medio Rural

O presidente

(Este convenio foi asinado de xeito manuscrito por ambas as partes)

ANEXO I

MECANISMOS DE MODERACIÓN DE CUSTOS

Tal e como se establece na Cláusula Cuarta, as actuacións descritas no presente convenio, estarán sometidas a un sistema axeitado de avaliación de custos:

De acordo co establecido no artigo 48 do Regulamento de execución (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, no que se establecen disposicións de relativas aos controis, os controis administrativos incluírán a comprobación por parte da unidade xestora do sistema empregado para a moderación de custos.

O control de custos avaliarase en todos os casos mediante a comparativa de tres ofertas diferentes, as cales procederán en todos os casos de provedores acreditados e independentes. As ofertas serán detalladas e incluírán os mesmos elementos para facilitar a súa comparación. Consideraranse aquelas que ofrezan a mellor relación de calidade do servizo ou material, en relación co prezo das mesmas. No caso de non escoller a proposta económica máis vantaxosa deberán xustificarse expresamente nunha memoria as motivacións desta elección.

No caso en que non existan no mercado provedores suficientes para cumprir co establecido no parágrafo anterior, esta circunstancia xustificarse expresamente na memoria de moderación de custos.

PERSOAL :

A asignación de custes, no eido de persoal, ven determinada pola dedicación que o persoal ten ás actuacións do convenio, namentres que o importe dos salarios veñen determinados polas referencias de mercado e a formación dos técnicos.

- Para o caso do persoal administrativo, os valores de referencia do “custe empresa” son os correspondentes ás retribucións do persoal administrativo da Xunta de Galicia.
- Para o xinete/domador, o valor de referencia tómase na categoría profesional de oficial de primeira agrario da Xunta de Galicia.

RETRIBUCIÓN	ADMINISTRATIVO*	OFICIAL/A 1ª AGRARIO
CARGO		CAPATAZ AGRARIO
SOLDO BASE	727,23 €	** 1209,16 €
SOLDO BASE PAGA EXTRA	628,53 €	295,71 €
TRIENIOS	26,58 €	** 28,82 €
TRIENIOS EXTRA	22,96 €	-
COMPLEMENTOS	1.717,96 €	277,97 €
**(14 PAGAS)		

AMORTIZACIÓNS: Calcularanse de conformidade coas normas de contabilidade, debendo achegar a documentación acreditativa do sistema de cálculo empregado.



ANEXO II

CADRO DE PREVISIÓN DE ACTUACIÓNS E CUSTOS ANUAIS

Os importes por concepto e tipo de gasto reflectidos no cadro corresponden a cálculos estimados durante cada un dos catro anos de vixencia do convenio, que poderán ser obxecto de variacións no momento da xustificación das actuacións, en función das actividades desenvolvidas e os obxectivos acadados.

CONCEPTO	TIPO DE GASTO	IMPORTE
PERSOAL	Persoal propio da entidade asignado á realización de traballos do convenio.	40.000 €
ACTUACIÓNS DE PROMOCIÓN	Actuacións de promoción da raza: - Subcontratacións - Material non inventariable - Material inventariable - Programas informáticos e webs - Actividades de divulgación - Gastos varios	20.000 €
TOTAL		60.000 €



ANEXO III

MEMORIA ECONÓMICA

De acordo co establecido na Cláusula Cuarta, toda xustificación virá acompañada dunha memoria económica en formato dixital que incluírá como mínimo os seguintes campos:

PROVEEDOR

CONCEPTO

DATA FACTURA

Nº FACTURA

BASE IMPOÑIBLE /SALARIO LÍQUIDO A PERCIBIR

IVE/SS EMPRESA

SS TRABALLADOR

IRPF

FACTURA/NÓMINA (OUTROS CONCEPTOS)

TOTAL FACTURA/ COSTE TRABALLADOR

DATA PAGO

PORCENTAXE IMPUTADA

TOTAL IMPUTADO